

O Concello do Grove en Pleno acorda:

1. Aprobar inicialmente as modificacións do Regulamento do Consello Local da Xuventude.
2. Iniciar os trámites administrativos pertinentes para a súa publicación no BOP e a correspondente exposición pública para os efectos da presentación das reclamacións e observacións que se consideren oportunas, de ser o caso, quedando aprobada definitivamente no suposto de non alegarse observación ningunha no período de exposición pública preceptivo.

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO CONSELLO LOCAL DA XUVENTUDE

Modificación do Regulamento do Consello Local da Xuventude nos puntos e formas relatados a continuación, e que foi aprobado por unanimidade dos membros do CLX o 31 de maio de 2008.

1- Xa que en 2005 aprobamos por maioría o cambio de nome e de siglas, consideramos que debe ser modificado en todo o articulado do documento o nome de Consello Local da Mocidade por Consello Local da Xuventude e as súas siglas, CLM, por CLX.

2- Xa que na actualidade o servizo militar obrigatorio non existe, é innecesario o final da letra k) do artigo 3: "(...) e informar sobre as alternativas ao servizo militar"; polo que se debería eliminar deste parágrafo para que quede redactado do seguinte modo: "k) Promover e apoiar iniciativas encamiñadas ao logro da paz".

3- No artigo 5, Composición, propoñemos a eliminación da letra d): "Un concelleiro de cada grupo político municipal". Xa que na primeira experiencia do Consello Local os grupos políticos municipais presentaron a súa renuncia a asistir ás xuntanzas do CLM alegando que existía representación dos seus partidos nas respectivas organizacións xuvenís destes.

4- No mesmo artigo 5, unhas modificacións de forma. Os puntos deste artigo están enmarcados no seguinte: "Poderán ser membros de pleno dereito do CLM-O Grove". Xa que logo, as letras e), f), g), h) e i) non poden ser continuación das anteriores, pois non falan de quen pode ser membro. Polo tanto, propoñemos que o artigo 5 quede redactado da seguinte maneira:

Artigo 5. Composición:

1. Poderán ser membros de pleno dereito do CLX-O Grove:

a) Os movementos, grupos e asociacións xuvenís con entidade propia, e as entidades legalmente constituídas, formadas por xente nova, que se organicen

para alcanzar obxectivos definidos.

b) As seccións xuvenís de entidades non estritamente xuvenís que teñan unha autonomía funcional dentro da súa entidade.

c) Os colectivos xuvenís sen personalidade xurídica propia que desenvolvan algún tipo de actividade no ámbito xuvenil, e que se comprometan a dotarse de personalidade propia nun prazo de 4 meses, que comezará a contar desde o día da súa admisión.

2. As entidades xuvenís que desexen integrarse no CLX-O Grove deberán estar inscritas no REDIM, sendo a Comisión de Goberno do Concello a que autorice a súa integración.

3. As entidades que desexen integrarse no CLX-O Grove deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) A persecución de fins non lucrativos.

b) A aceptación do presente regulamento.

4. Son dereitos dos membros do CLX-O Grove:

a) Representar e defender no CLX os intereses propios da súa organización, así como os da mocidade en xeral.

b) Transmitir e impulsar, no seo do CLX, todas aquelas propostas que crean oportunas.

c) Participar, elixir e ser elixidos/as nos órganos do CLX.

d) Participar con voz e voto nas xuntanzas do CLX.

5. Son deberes dos membros do CLX-O Grove:

a) Contribuír ao mellor desenvolvemento e colaboración do CLX.

b) Cumprir os acordos adoptados polo CLX.

c) Asistir e participar nas xuntanzas e comisións de traballo das que formen parte.

6. Pérdese a condición de membro por vontade da asociación á cal representan ou pola disolución desta organización.

5- O CLX- O Grove, como di o presente regulamento, é un órgano de consulta e participación da mocidade do Grove coa finalidade de estudar, asesorar e emitir propostas para a corporación municipal sobre todos os aspectos relacionados coa mocidade.

Cremos que un dos colectivos onde se reúnen máis mozos e mozas durante máis tempo e

onde as súas inquiredanzas se poden recoller con máis viveza é o estudantil. Polo cal, propoñemos incluír no artigo 5.1 un parágrafo d) co seguinte texto:

d) Unha persoa representante dos/as delegados/as e outra do Consello Escolar de cada instituto do Grove.

Así mesmo, engadir no final do artigo 5.2 o seguinte:

As persoas incluídas no punto 1.d) non teñen a obriga de estaren inscritas no REDIM.

6- Xa que o documento leva xa redactado practicamente 10 anos, consideramos conveniente que sexa revisado, polos órganos oportunos, no tocante á súa ortografía e linguaxe para adaptalo á normativa lingüística actual.

Juan Lamelas Alfonso Concelleiro de Xuventude Voceiro do Grupo Mixto (EU-IU)